



O amante do papel

cartografía dunha colección de gravado

CENTRO CULTURAL
MARCOS VALCÁRCEL
Ourense

O amante do papel

Esta exposición foi posible grazas á excepcional colaboración de D. Maximino Zumalave, a quen transmitimos a nosa gratitude.

Edita



Patrocina



Presidente Deputación Ourense
Manuel Baltar

Deputada de Cultura
Patricia Torres Madureira

Director Centro Cultural Marcos Valcárcel e
coordinador de exposición e catálogo
Francisco González Bouzán

EXPOSICIÓN

Comisaria
Rosario Sarmiento

Administración e Xestión de Fondos
Salomé Caamaño

Coordinación de Montaxe e Manipulación
Manuel Pérez Cid

CATÁLOGO

Textos
© **Rosario Sarmiento**

Fotografía
© **Dos autores**

Revisión galego
Gabinete de Galego
Deputación Ourense

Deseño
nacherpublicidad

Dep. legal
OU 96-2022

© Deputación Ourense

O amante do papel, cartografía dunha colección de gravado

ROSARIO SARMIENTO

Una gran colección particular es un material concentrado que estimula constantemente, que sobreexcita. No solo porque siempre se le puede añadir algo, sino porque ya es excesiva. La necesidad del coleccionista tiende precisamente al exceso, al empacho, a la profusión.

Susan Sontang, El amante del volcán

Dende as súas orixes máis antigas o home sentiu o interese por coleccionar, por reunir ao seu redor obxectos que o acompañasen despois da súa morte. Un afán condicionado por factores relixiosos ou máxicos nas máis antigas civilizacións que evolucionará no Renacemento, cando o obxecto artístico acada un valor propio e comezan a crearse as primeiras coleccións de arte baixo o estímulo dunha aristocracia refinada e culta, xa coñecedora do mundo da arte.

Pero este coleccionismo que andando o tempo foi impulsado polas monarquías, a alta nobreza e a burguesía enriquecida pola industria e os negocios, é moi distinto en canto aos seus condicionantes históricos e económicos do que constitúe o coleccionismo da arte neste século XXI, no que interveñen, entre outros, factores como a divulgación, a globalización e o mercado, indicadores dunha sociedade máis moderna, avanzada e desenvolvida tanto económica como culturalmente.

En España, e máis concretamente en Galicia, este avance modernizador, tanto social como económico, sitúase nos anos se-

tenta do pasado século, momento no que atopamos as primeiras referencias dun país que inicia unha sensibilización social pola cultura e a arte contemporánea. Isto, unido aos propios condicionantes históricos e económicos que teñen marcado a sociedade galega, fixeron que o coleccionismo, tanto público como corporativo ou privado, fose case inexistente como reflexo dun país no que ademais dunha desconfianza cara á arte moderna, existían poucas infraestruturas que permitisen o desenvolvemento normalizado da actividade artística. Os anos oitenta e a chegada da democracia propiciará un proceso de normalización cultural no que a posta en marcha de novas institucións educativas e de centros de arte, xunto a unha maior profesionalización do sector e o impulso do coleccionismo público e privado, propiciarán unha modernidade e conexión cultural e artística co contexto internacional.

Estas primeiras décadas do século XXI coas súas crises económicas, co imparable cambio climático e as últimas pandemias, están acelerando unha transformación da cultura e de

toda a armazón que constitúe o sistema artístico, no que cuestións como a sustentabilidade ou a ecoloxía son xa referentes incuestionables para encarar o futuro. O coleccionismo, como unha das bases na que se asenta o sistema da arte, busca os seus novos espazos, pero o coleccionista, esa figura esencial para dar sentido ao proceso creativo dun artista segue tendo o papel relevante que a historia lle ten outorgado. O feito de coleccionar, modifica sempre a maneira de percibir e sentir a vida dos seus protagonistas, sexan públicos, privados ou incluso dos propios creadores.

Cando é un home ou unha muller os que están detrás da creación dunha colección, á marxe de cuestións como o prestixio social ou o investimento económico, hai case sempre un interese íntimo de poder gozar dela pero tamén, un compromiso vital co seu contorno e co seu tempo. O coleccionista que o é porque realmente lle gusta, sente que a súa colección responde a unha visión coherente do seu mundo e polo tanto conecta co momento histórico que lle tocou vivir.

Coleccionar é unha actividade que require dedicación e aprendizaxe, chegando a ser unha forma de entender e dar sentido á vida do coleccionista. Pero o coleccionista sabe que, como a vida, a colección é fráxil, chea de lagoas porque cada nova obra que se agrega pon en evidencia a falta, o baleiro de tantas e tantas outras que desexaría posuír. A colección é un conxunto de obxectos pero tamén un conxunto de elos aínda por encaixar.

Sen dúbida, para o noso coleccionista, o amante do papel, a súa colección non só foi e segue sendo un estímulo constante, senón unha maneira de ver o mundo a partir das obras que foi atesourando durante anos: unha colección de máis de 2.000 gravados e obra sobre papel, datados entre os séculos XV e o XX, con autores que inclúen a Durero, Rembrandt, Vasi, Piranesi, Picasso, Dalí, Wifredo Lam, Hartung ou Penck, entre moitos máis. Un abano moi amplo de intereses e paixóns ou —como comentaba Barbara de Rueda cando facía referencia á súa colección—, «de cousas necesarias para organizar o que-bracabezas da vida».

Non é doado penetrar nese mundo do coleccionista, cheo de tantas lembranzas, sentimentos, relatos e historias que xor-



ALBERT DURERO (1471-1528)

Christus am Kreuz. 1508. Gravado ao cobre. 13 x 9 cm

den detrás de cada obra, de cada gravado e debuxo, de cada novo autor que chega para quedarse e fundirse con todo o demais. Hai que facelo tratando de seguir un ritmo, como se fose unha composición musical con múltiples acordes que encaixan perfectamente entre si. Con esa idea concíbese esta mostra, a partir dunha selección de máis de corenta obras, que van permitir non só mirar sobre unha pequena parte do universo dunha magnífica colección senón establecer nexos e lecturas ao redor de capítulos que definiron a historia da arte: o re-

nacemento, o barroco, o neoclasicismo, o postimpresionismo, a abstracción, o surrealismo... mostrando a sensibilidade, o gusto e os intereses do coleccionista, a súa persoal maneira de valorar a creación plástica.

Un relato no que vai encaixando os seus “obxectos”, os seus artistas: Albert Durer (1471-1528), pintor e gravador alemán, que exerceu unha enorme influencia como transmisor das ideas e do estilo renacentista nas súas obras, na que a temática relixiosa ten un gran peso, como no caso de *Cristo na cruz* (1508), ao igual que *Cristo conducido ao Calvario* unha magnífica punta seca de P.P. Rubens (1577-1640), referencia indiscutible do gravado flamenco do século XVII. Rembrandt (1606-1669) foi unha figura central da idade de ouro holandesa, cuxa máis importante contribución son os maxistrais retratos dos seus contemporáneos, como *Abraham Francen* (1657) ademais das súas ilustracións de escenas bíblicas, *Esau ver-kauft sein Erstgeburtsrecht* (1640), dúas fermosas obras atesouradas polo noso coleccionista.

Unha colección e un relato no que a grandeza da cidade de Roma ten un peso moi importante, con dous gravadores e arquitectos de gran relevancia: o mestre Giuseppe Vasi (1710-1782), coñecido polos seus *vedute* de Roma, onde representa vistas xeralmente urbanas en perspectiva e o alumno Giovanni Battista Piranesi (1720-1778) cuxos gravados denotan un gusto pola escala heroica e monumental da arquitectura antiga, ademais dun dominio da xeometría e da perspectiva, como na *Veduta di Piazza Nabona sopra le Rovine del circo Agonale* (1773). *Carceri VII*, *Carceri XI* (1760), incluídas nesta mostra e que son tamén dous magníficos exemplos das dezaseis estampas que constitúen unha das súas series máis coñecidas.

Ludwig von Hofmann (1861-1945) foi un pintor pero tamén artista gráfico e deseñador alemán que traballou nunha combinación dos estilos Art Nouveau e simbolismo, que atopa no espido tanto feminino como masculino *Jungs im Badezimmer* (ca. 1915-1920) a súa máxima expresión.

A través das súas pinturas e debuxos Henri de Toulouse-Lautrec (1864-1901) foi o cronista máis certo da *Belle Époque*,



HENRI DE TOULOUSE-LAUTREC (1864-1901)

Deux femmes. Debuxo sobre papel. 17 x 20,5 cm

retratando como ninguén o ambiente de Montmartre, cos seus cabarés, os seus artistas e todo tipo de personaxes, que poboaban a noite parisiense. Esta colección garda un pequeno pero fermoso debuxo *Deux femmes*, cheo de cor e forza expresiva.

Pablo Picasso (1886-1973) é, sen dúbida ningunha, o artista que representa de forma máis clara os cambios e convulsións da arte do século XX e o que maior influencia exerceu noutros grandes artistas do seu tempo. A muller en Picasso xoga un papel fundamental na súa obra e ninguén coma el a tivo como protagonista das súas obras de forma tan reiterada e recorrente, como nos recorda a litografía *Portrait of a woman Seated* (1960).

O mundo do surrealismo ten varios e moi interesantes referentes nesta magnífica colección, Max Ernst (1891-1975) figura fundamental tanto do movemento Dadá como do surrealismo, *Après moi le XXème siècle* (1971), Wifredo Lam (1902-1982)



F. R. PENCK (1939-2017)

Männlicher Akt. Litografia 12/15. 61 x 80 cm

autor dunha obra na que o surrealismo se funde coa simboloxía africana e o mundo caribeño, *Figure Ocre* (1975) e *Marc Chagall* (1887-1985) un prolífico creador que participou nas distintas vangardas de principios do século pasado, e aínda sen vincularse estreitamente con ningunha delas, foi quizais o mundo do surrealismo co que conectou de xeito máis persoal. En Chagall as súas propias vivencias persoais e o feito de pertencer á comunidade xudía, están sempre presentes no seu particular vocabulario iconográfico, do que é bo exemplo a litografía *The tribu of Leví* (1983). Dentro do mundo do surrealismo, a figura de Salvador Dalí (1904-1989) é sen dúbida un dos seus principais e xenuínos referentes representado nesta exposición, entre outras referencias, pola litografía *Songs of songs of King Salomon* (1971)

Moi interesante e importante é a presenza nesta colección do mundo da abstracción de Hans Hartung (1904-1989), artista de orixe alemá, nacionalizado francés, cuxa pintura e obra gráfica de trazos caligráficos, reflicte a súa opinión sobre a representación da realidade: a expresión libre e pura debe transcender e ir máis aló ata diluírse no mundo das sensacións. Diferente da grafía monocroma de Hartung, é a obra de Piero Dorazio (1927-2005), a cor invade a abstracción do seu traballo integrado desde mediados dos anos 40 do século pasado no colectivo Formalismo-Forma, xunto a outros artistas como Pietro Consagra, Antonio Sanfilippo e Giulio Turcato. Dorazio que, como vemos nas litografías *Parade* (1985), *Embonas* (1976) ou *Komposition* (1987), se opoñía de xeito radical ao realismo, defendendo en toda a súa traxectoria a experimentación nas formas.

O mundo de J. Friedlaender (1912-1992) un dos mestres indiscutibles do gravado contemporáneo; o seu manexo da acuatinata, conecta dalgún xeito co doutro magnífico pintor e gravador como é Jorge Castillo (1933). A poesía, a emoción, a capacidade incesante do poder da suxestión está detrás de obras como *Les grands diseaux II* (ca. 1972) ou *Ohne Titel 1* (1991).

A.R. Penck (1939-2017) é un dos artistas alemáns que formou parte do grupo chamado Novos Salvaxes, que nos anos 80 protagonizaron, xunto coa Transvanguardia Italiana e os movementos



MAX ERNST (1891-1975)

Après moi le XXème Siecle. 1971. Litografía. 30 x 23,5 cm

norteamericanos da Bad Painting, as primeiras referencias da postmodernidade artística. Constitúe un dos últimos creadores cuxo traballo acaba de ser adquirido polo noso coleccionista, amante do papel. *Männlicher Akt* é unha interesantísima litografía dun home só e espido ante o mundo.

Moito de solitario ten, sen dúbida, a gran paixón do coleccionista. O noso protagonista permitiunos xenerosamente compartir e gozar desa gran paixón. Transmitámoslle o noso maior agradecemento.



ALBERT DURERO (1471-1528)

Martyrertum der 10.000. 1497. Xilografía. 39,8 x 28,9 cm



PEDRO PABLO RUBENS (1577-1640)

Cristo conducido ao Calvario. 1743-1763. Punta seca e augaforte. 50,4 x 35,9 cm




REMBRANDT VAN RIJN (1606-1669)

Esau verkauft sein Erstgeburtsrecht. 1640. Gravado. 28,2x21,2 cm



REMBRANDT VAN RIJN (1606-1669)

Abraham Francen. 1657. Gravado. 15,6 x 20,8 cm



REMBRANDT VAN RIJN (1606-1669)

Les trois arbres. 1643. Augaforte, buril e punta seca. 22,5 x 29 cm




REMBRANDT VAN RIJN (1606-1669)

La pièce aux cent florins. 1649. Augaforte, buril e punta seca. 34,5 x 43,5 cm




GIUSEPPE VASI (1710-1782)

Palazzo di Campidoglio. 1754. Gravado. 30,5 x 43,5 cm



GIUSEPPE VASI (1710-1782)

Piazza del Colosseo. 1752. Gravado. 30,5 x 43,5 cm



GIUSEPPE VASI (1710-1782)

Processione papale di Clemente XIV. 1769. Gravado. 14 x 19,3 cm



GIOVANNI BATTISTA PIRANESSI (1720-1778)

Veduta di Piazza Navona sopra le rovine del Circo Agonale. 1773. Augaforte. 49,5 x 73,5 cm



GIOVANNI BATTISTA PIRANESSI (1720-1778)

Carceri VII. 1760. Augaforte. 64 x 50,4 cm




GIOVANNI BATTISTA PIRANESSI (1720-1778)

Carceri XI. 1760. Augaforte. 52 x 66 cm



LUDWIG VON HOFMANN (1861-1945)

Kampf (Loita). Xilografía sobre papel de seda. 11 x 17 cm



LUDWIG VON HOFMANN (1861-1945)

Jungs im Badezimmer, (Mozos no baño). Ca. 1915-1920. 16/25.39 x 29,5 cm



PABLO PICASSO [1881-1973]

Illustration X. 1954. Litografía. 38 x 46,5 cm



PABLO PICASSO (1881-1973)

La guerre. 1954. Litografía. 36 x 26 cm



PABLO PICASSO (1881-1973)

Portrait of a Woman Seated, 1960. Litografía. 40 x 28 cm



PABLO PICASSO (1881-1973)

Bacanal. Gravado E.A. 23 x 26,5 cm



OSCAR KOKOSCHKA (1886-1980)

Weiblicher Akt, 1948. Litografia. 23 x 18 cm



OSCAR KOKOSCHKA (1886-1980)

King Lear. Lear und Cordelia. 1963. Litografia. 45 x 34,3 cm




MARC CHAGALL (1887-1985)

Illustration from the Ceiling of the Paris Opera. Dancing Horse ballet Giselle. 1966. Litografia. 32 x 23,5 cm



MARC CHAGALL (1887-1985)

Illustration from the Ceiling of the Paris Opera. Opera Carmen. 1966. Litografia. 32 x 23,5 cm



MARC CHAGALL (1887-1985)
The tribe of Levi. 1983. Litografía. 32 x 22,5 cm

WIFREDO LAM (1902-1982) ▶
Figure Ocre. 1975. P/A. Litografía. 76 x 56 cm





SALVADOR DALÍ (1904-1989)

Le Bestiaire de la Fontaine. Les animaux malades de la peste. 1974. Gravado. 56,5 x 77 cm




SALVADOR DALÍ (1904-1989)

The Beloved Feeds. The songs of King Solomon. 1971. E.A. Litografía. 56 x 38 cm




SALVADOR DALÍ (1904-1989)

La gare de Perpignan. 1969. Litografía 51/300. 62x83 cm




HANS HARTUNG (1904-1989)


L-4 1976. 1976. Litografia. 63 x 90 cm



▲ **HANS HARTUNG** (1904-1989)
L-39 1973. 1973. Litografía H.C. 75 x 105 cm



▼ **HANS HARTUNG** (1904-1989)
L-21 1974. 1974. Litografía E.A. 75 x 105 cm



HANS HARTUNG [1904-1989]

L-16 B 1974. 1974. Litografía 39/90. 105 x 75 cm



J. FRIEDLÄNDER (1912-1992)

Deux Oiseaux. 1981. Augaforte sobre papel Archés (P.A.). 92 x 63,50 cm




J. FRIEDLÄNDER (1912-1992)
Eclats, 1983. Gravado E.A. (P.A.). 92 x 63 cm



J. FRIEDLÄNDER (1912-1992)

Les grandes diseaux II. Ca. 1972. Gravado 49/80. 104,5 x 74,5 cm



J. FRIEDLÄNDER (1912-1992)

Fleur Verte. 1974. Litografia [2] XXII/XX. 63,5 x 54 cm

ANTONI TAPIES (1923-2012)

Tors (Torso), 1987. Gravado 23/60. 90 x 63 cm





▲ **PIERO DORAZIO** (1927-2005)
Embonas. 1976. E.A. (P.A.). 64 x 84 cm

▼ **PIERO DORAZIO** (1927-2005)
Parade. 1985. Litografía 62/100. 54 x 74 cm



PIERO DORAZIO (1927-2005)

Komposition. 1987. Gravado 98/99. 70 x 55,5 cm



JORGE CASTILLO (1933-)

ohne Titel 1, 1991. Gravado 22/60. 100 x 133 cm



JORGE CASTILLO (1933-)
ohne Titel 6, 1991. Gravado 11/60. 100 x 133 cm

